



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 294/2014, DO 24 XUÑO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 260/2014 do 5 de xuño aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servicio determinado", de oito persoas para desenvolver as funcións de peóns de limpeza de praias, no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, ditouse a resolución de Alcaldía 280/2014 do 17 de xuño pola que se aproba a lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos, a data e lugar da proba e a designación do tribunal, tal como establecían as bases.

Reunido o tribunal calificador do procedemento selectivo o día 19 de xuño de 2014, e tal e como aparece reflitado na acta que asinan os membros do tribunal e á vista da puntuación obtida, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros que teñen dereito a voto, decidiu propoñer ao Sr. Alcalde que proceda a adxudicar as 8 prazas de peón de limpeza de praias da anualidade 2014 a, Lema Lema M<sup>a</sup> Mercedes, Varela García Victor, Andrade Lema José Luis, Varela Vidal Manuel, García Paz José Francisco, Vázquez García M<sup>a</sup> Consuelo, Allo Alvarez Estiven, Parga Cousillas Patricia.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Adxudicar as oito prazas de peóns de limpeza de praias pola orde de puntuación final obtida, tal e como propoñía o tribunal calificador na acta dos seguintes aspirantes:

- 1.- Lema Lema M<sup>a</sup> Mercedes
- 2.- Varela García Victor
- 3.- Andrade Lema José Luis
- 4.- Varela Vidal Manuel
- 5.- García Paz José Francisco
- 6.- Vázquez García M<sup>a</sup> Consuelo
- 7.- Allo Alvarez Estiven
- 8.- Parga Cousillas Patricia

**SEGUNDO:** Os restantes aspirantes, tal e como reficte a base 8.3, quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia aos postos e pola orde de puntuación obtida no procedemento de selección sempre que cumpran todos os requisitos das bases de selección.

**TERCEIRO:** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello ([www.concello-cabana.com](http://www.concello-cabana.com)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 260/2014 do 5 de xuño.



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

**CUARTO** : Ó considerarse un acto de trámite cualificado, si se desexa impugnar a presente resolución, procede interpoñer recurso contencioso - administrativo ante o xulgado no prazo de dous meses a contar a partir do día da súa notificación ou publicación.

Alternativamente, e de xeito potestativo, se pode interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou a presente resolución, no prazo dun mes a contar a partir da súa notificación ou publicación.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 24 de xuño de dous mil catorce, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez.

Asdo.: Paula M<sup>a</sup> Suárez Cotelo.